



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

##### Persoal

*Nomeamento de funcionario en prácticas (policía)*

##### ANUNCIO

**Expediente núm. 2023/E001/000001**

No procedemento de referencia, relativo á convocatoria para a provisión de dúas prazas de policía, do corpo da Policía Local, mediante oposición libre, o concelleiro-delegado da Área de xestión económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, ditou o Decreto número 163/2024, do 24 de xaneiro (corrixido polo Decreto núm. 187/2024, do 24 de xaneiro, que na súa parte dispositiva (o DNI amósase cifrado), resolve:

**“1. Nomear a Andrés Soto Carlín, con DNI \*\*\*8477\*\*, funcionario en prácticas do Concello das Pontes de García Rodríguez, na praza das seguintes características:**

- Clasificación, segundo o establecido nos artigos 167 e seguintes do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril (TRRL): Escala de administración especial; Subescala de servizos especiais; Clase: policía local e os seus auxiliares.

- Escala segundo o artigo 24 da Lei 4/2017, do 20 de abril, de coordinación de policía locais: básica.

- Grupo: C. Subgrupo: C1

- Categoría e denominación: policía

2. Para adquirir a condición de persoal funcionario en prácticas o interesado deberá efectuar o acatamento da Constitución, do Estatuto de autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como de compromiso de exercer con imparcialidade as súas funcións, e tomar posesión antes da incorporación ao curso selectivo na AGASP.

3. Durante o desenvolvemento do curso selectivo na Academia Galega de Seguridade Pública o funcionario en prácticas percibirá o soldo e, de ser o caso, os trienios. Cando a fase de prácticas teña lugar desempeñando un posto de traballo no concello percibirá a totalidade das retribucións establecidas para a praza.

4. Comunicar o nomeamento á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes (Xunta de Galicia), para a oportuna inscrición no Rexistro das Policía Locais de Galicia, regulado no artigo 21 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (de Galicia).

**5. Publicar** o anuncio do presente nomeamento no BOP, na sede electrónica do concello e na páxina web da entidade local.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, contado a partir do seguinte ao da publicación no BOP do presente nomeamento, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar desde o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-Administrativo, efectuando a persoa demandante a elección que lle permite o artigo 14, regra segunda, da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia o anterior, poderá impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional Contencioso-Administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderá interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de

dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, a teor da elección permitida ao demandante polo artigo 14, regra segunda, da meritada LRXCA.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpor calquera outro recurso que estime procedente ou conveniente.”

As Pontes de García Rodríguez, 25 de xaneiro de 2024

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos

Antonio Alonso Román

2024/560